



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO

Instituto de Educación Secundaria “Leixa”

Bacharelatos – Ciclos formativos de Artes Gráficas e Sanidade

San Pedro de Leixa s/n
15405 – Ferrol (A Coruña)
<http://centros.edu.xunta.es/iesleixa>
ies.leixa@edu.xunta.es

Tfnos: 981328951 e 981328900
Fax: 981328900
Móbil-GSM: 667626775
Móbil actividades: 667626707



PROXECTO LINGÜÍSTICO – PLAN XERAL PARA O USO DO IDIOMA

IES Leixa



Índice:

- I. Análise dos usos lingüísticos do centro.
 1. A lingua galega como lingua vehicular do ensino.
 2. A lingua galega como lingua de uso noutras actividades do centro e no centro.
- II. Análise das diferentes accións normalizadoras sobre o centro.
 1. Marco legal.
 2. Actuacións postas en marcha polo Equipo de Normalización Lingüística para incrementar o uso do galego no centro.
- III. Algunhas propostas de actuación na planificación lingüística do instituto.
 1. Obxectivos.



.: PROXECTO LINGÜÍSTICO – PLAN XERAL PARA O USO DO IDIOMA .:

I. ANÁLISE DOS USOS LINGÜÍSTICOS DO CENTRO

Realízanse en lingua galega as funcións de organización, administración e xestión do centro, polo que resulta innecesario adoptar medidas que potencien o uso da lingua galega nas actividades incluídas neste apartado.

1. A LINGUA GALEGA COMO LINGUA VEHICULAR DO ENSINO

1. Obsérvase que se cumpren os mínimos esixidos no Decreto 247/1995, modificado parcialmente polo Decreto 66/1997, que regulan o uso do galego na ensinanza e na administración educativa, impartíndose en lingua galega:

- No primeiro curso de bacharelato, como materia común, a filosofía; como materia optativa ética e filosofía do dereito e como materias específicas as seguintes:
 - Bioloxía e xeoloxía (bacharelato de ciencias da natureza e da saúde).
 - Historia do mundo contemporáneo (bacharelato de humanidades e ciencias sociais).
- No segundo curso de bacharelato, como materia común, a historia e como materias específicas da modalidade:
 - Ciencias da terra e medioambientais e debuxo técnico (bacharelato de ciencias da natureza e da saúde).
 - Xeografía, historia da arte e historia da filosofía (bacharelato de humanidades e ciencias sociais).
- Na formación profesional específica de grao medio e superior o alumnado recibe, integramente, o ensino en galego nos seguintes módulos:
 - Materias primas en Artes Gráficas (ciclo medio de Impresión).
 - Produción editorial e xestión da calidade nas industrias de Artes Gráficas (ciclo superior de Deseño e Produción Editorial).
 - Elaboración de preparados farmacéuticos e parafarmacéuticos en establecementos de farmacia (ciclo medio de Farmacia).
 - Promoción da saúde e apoio psicolóxico ao paciente (ciclo medio de Coidados Auxiliares de Enfermaría).
 - Alimentación equilibrada, educación sanitaria e promoción da saúde e proxecto integrado (ciclo superior de Dietética).

2. A LINGUA GALEGA COMO LINGUA DE USO NOUTRAS ACTIVIDADES DO CENTRO E NO CENTRO

1. A lingua galega é a lingua de uso nas actividades programadas polo Equipo de Normalización Lingüística, actividades que se especifican no punto II.

2. Composición lingüística da biblioteca do centro: Tanto o departamento de Lingua Galega e Literatura como o Equipo de Normalización Lingüística velan para que a biblioteca e os departamentos contén cunha completa bibliografía en lingua galega en canto a:

- Libros de lectura ordinaria.
- Libros de contidos académicos específicos.
- Libros de consulta.
- Literatura clásica.
- Novidades editoriais.



II. ANÁLISE DAS DIFERENTES ACCIÓNS NORMALIZADORAS SOBRE O CENTRO

1. MARCO LEGAL

1. Coñecemento que se ten no centro das diferentes disposicións e instrucións sobre o uso da lingua: A normativa legal sobre as diferentes disposicións e instrucións sobre o uso da lingua galega no ensino fíxose chegar ó profesorado a través:

- Das carpetas informativas que se repartiron na Campaña de Normalización Lingüística “En galego, chegarás moi alto”, organizada pola Consellería de Educación e coordinada polo Equipo de Normalización Lingüística.
- Da exposición, na sala de profesores/as, das áreas e materias que se deben impartir en lingua galega.
- Da enquisa que, sobre o uso do galego, se fai todos os anos no centro utilizando o modelo gal001.

2. Nivel de cumprimento acadado: Como xa apuntamos no apartado I, o noso instituto cumpre cos mínimos que marca a lei sobre a utilización da lingua galega como lingua vehicular do ensino.

2. ACTUACIÓNS POSTAS EN MARCHA POLO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA INCREMENTAR O USO DO GALEGO NO INSTITUTO

1. As diversas actividades que se desenvolven centro son as seguintes:

- Programación da revista “Lerías por Leixa” coa edición dos seis primeiros números.
- Certames literarios e musicais:
 - Certame pola Paz, a Tolerancia e a Convivencia.
 - Certame de Poesía Ricardo Carvalho Calero.
 - Festival musical “A Mocidade coa Música”.
 - Certame de poesía e imaxe “En Galego sen Filtro”.
 - Ciclo de cine “En Galego de Película”.
- Representacións teatrais.
- Campaña de Normalización Lingüística “En galego chegarás moi alto”.
- Actividades relacionadas coa celebración do Día das Letras Galegas.
- Conferencias.
- Campañas e animación á lectura.
- Realización de trípticos, pegatinas, logotipo, imagotipo, soportes de comunicación gráfica na familia de Artes Gráficas.
- Adquisición de libros, vídeos, material didáctico, informático, materiais de apoio, dispoñibles no mercado, para as áreas e materias que se imparten en galego.
- Actualización da área web de normalización lingüística.

III. ALGUNHAS PROPOSTAS DE ACTUACIÓN NA PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA DO INSTITUTO

1. OBXECTIVOS

1. Dous son os obxectivos finais que sinala a lexislación sobre o tratamento que se lles dará nos centros ás dúas linguas oficiais:

- A normalización lingüística na vida escolar.
- Conseguir que os/as alumnos/as acaden unha boa competencia nas dúas linguas oficiais.

Para lograr estes obxectivos, cómpre levar a cabo as seguintes actuacións:



- A asunción da lingua galega como oficial do centro, tal e como xa acontece no noso instituto, coindando que a vida administrativa e as relacións coa comunidade continúen a facerse en lingua galega.
- Usala como vehicular nas áreas que determina a legalidade vixente e naquelas outras que, oído o claustro, sexa posible impartir en galego, a fin de ir avanzando cara a consecución do tope legal: a asignación do mesmo número de horas ó galego e ó castelán.

No Claustro de comezo de curso concretaranse as materias obrigatorias que se van impartir en lingua galega:

- As concretadas por decreto.
 - As designadas polos departamentos cando se poida optar entre varias materias. Os departamentos implicados das especialidades da Formación Profesional Específica determinarán as áreas de coñecemento teórico-práctico que, para facilitar a súa integración socio-laboral, o alumnado recibirá en lingua galega
 - As que sexa posible impartir en base ó compromiso particular do profesorado coa lingua galega.
- Incluír contidos específicos da realidade cultural galega nas programacións didácticas dos departamentos.
 - A fin de mellorar a competencia docente do profesorado en lingua galega, potenciar a realización dos cursos de iniciación e de perfeccionamento convocados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.